



Disputado partido hoxe nas Pontes entre o Numancia e o equipo das Pontés, un dos presumibles galos da categoría.

06/09/09

Polo Numancia xogaron: Iván, Miguel, Martín, Jorgito , Gabo (Manu m.52), Coco , Pedro(Álvarom63), Juanra(Jonny m76), Víctor (Amenedo m.70), Dani (Ezra m82 ) e Jorge.

Árbitro: ben. E moi probable que con outro árbitro Pedro acabase o partido antes de tempo.

Goles:

0-1: minuto 22: Un dos centrais das Pontes faise un lío co seu porteiro e deixanlle o balón a Coco que aproveita para marcar a media volta desde o bordada área.

1-1: minuto 45: Falta frontal que sacan os ponteses dende uns vinte metros fora da área. O centro lateral a media altura supera a nosa zaga sen que ningún meterá a cabeza e ademais dous xogadores rivais gañan a espalda dos zagueiros rematando un a bote pronto de forma impecable.

2-1: minuto 59: Martín sale a un cruce dentro da área de xeito un pouco acelerado e aínda que él di que tocou o balón pola dirección na que saíu este o lóxico e que o árbitro pitara penalti que as Pontes converteu de tiro axustado que petou no pau por dentro.

3-1: minuto 89: Gol das Pontes nunha contra cando xa o Numancia estaba arriscando cunha defensa de tres homes, o tiro o pafoi remachado a rede por un centrocampista pontés.

3-2: minuto 90: No saque de centro o noso adestrador Xelo manda a Jorge que tire directamente a porta e entre que saíu un bo tiro, o vento a favor e a pouca estatura do porteiro que ademais estaba adiantado marcamos un golazo desde o mediocampo.

Posta de largo do equipo xuvenilna liga 2009/2010 nun partido entretido xogado nunhas boas condicións meteorolóxicas aínda que un pouquiño influído polo vento de nordeste que soprou con forza durante o longo do partido.

O partido en si foi nivelado e probablemente o resultado mais xusto houbera sido un empate,o noso equipo tivo a sorte de adiantarse nunha xogada desafortunada dos ponteses pero tamén sufriu o gol do empate no tempo de desconto da primeira parte.

Futbolisticamente falando o partido foi regular, tenso, pero con dous equipos os que se lles vía pouco finos no movemento do balón aínda que loitando duro.

Probablemte o Numancia non vai marcar dous goles en moitos dos partidos que disputemos esta tempada e polo tanto vai ser necesario non recibir goles xa que o equipo fáltalleclaramente un home gol(Dani e Manu aínda non se estrearon nin sequera na pretempada).

Tamén na miña opinión falta un pouco de liderazgo nalgúns dos rapaces de último ano que tiñanque liderar os novos e impoñer o tempo e o ritmo do partido, pode ser tamén que as lesións de Díaz, Pedro(nada que ver co que estivo excepcional na final de copa),Gabo, Pita,Coco,condicionen o seu estado de forma.

Hoxe non vamos destacar nin criticar o traballo de ningún dos rapaces xa que todos loitaron arreo e vamos darlles a todos un aprobado. Neste aprobado incluímos a Xelo que intentou

tódalas variantes tácticas para tentar igualar o partido primeiro adiantando a raía de presión e finalmente quedando atrás cunha defensa de tres.

Rafa